



CONCELLO DE MONDOÑEDO
Praza do Concello, 1 CP. 27740
Tlfn. 982524003 – Fax; 982507421
concellomondonedo@gmail.com

BANDO

DON MANUEL ÁNGEL OTERO LEGIDE; ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE MONDOÑEDO

FAI SABER:

COMEZO DE DESPLIEGUE DA 4G NA BANDA DE 800MHZ: CONVIVENCIA TDT E 4G

QUE: Os servizos móbiles de nova xeración LTE sobre banda de frecuencias de 800 MHz dos principais operadores móbiles que prestan servizos no territorio nacional, comercialmente denominados como 4G, atoparanse dispoñibles en datas próximas.

A tecnoloxía 4G, prestada sobre a banda de frecuencias de 800 MHz, anteriormente utilizada pola Televisión Dixital Terrestre (TDT), permite ofrecer as mellores prestación sobre esta tecnoloxía, ofrecendo a mellor cobertura en interiores e a maior extensión de cobertura posible.

Estas redes 4G, sobre esta nova banda de frecuencias, chegan para mellorar a velocidade de conexión a internet, servizos de televisión baixo demanda, descargas de música, así como decenas de novos servizos que verán a luz nos próximos anos para aproveitar o gran ancho de banda da tecnoloxía 4G, permitindo conseguir velocidades de ata 150Mbps, velocidades que en moitos casos superan ás que disfrutamos actualmente nos nosos fogares coas liñas fixas de ADSL.

A prestación dos servizos móbiles nesta banda pode conlevar a aparición de determinadas afectacións na recepción do sinal de Televisión Dixital Terrestre (TDT), debido a que se utilizaba anteriormente para o servizo de TDT.

O Ministerio de Industria, Energía y Turismo, a través da Orde IET/329/2015, de 26 de febreiro de 2015, estableceu o procedemento de actuación para solucionar este tipo de problemas, garantizando que as molestias aos cidadáns sexan mínimas e a súa **solución gratuita**.

Para solventar calquera tipo de afectación que poda producirse a calquera usuario de TDT habilitase un teléfono de atención gratuito e unha páxina web á cal poden recurrir todos os usuarios para solicitar a actuación nas súas instalación para a solución das afectacións de modo que poda restablecerse o servizo TDT con total normalidade.

A estos efectos, informo que o número de atención gratuito para os cidadáns é o seguinte: **900833999** e a páxina web posta a disposición para os cidadáns é a que a continuación se indica: www.llega800.es

Todo isto sen coste algún para o usuario.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Mondoñedo na data da sinatura

O Alcalde;

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

